



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 15 - MAIO - 2006

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

CONGRESO DA ORGACMM

OVICA asistiu como convidada.

Os días 13 e 14 de maio celebrouse en Caldas de Reis o III Congreso Galego de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. Este III congreso foi inaugurado polo conselleiro do Medio Rural.



Representantes de OVICA asistiron a este congreso como convidados. OVICA participou, con voz e sen voto, nos relatorios e na mesa de debate correspondente á explotación do gando nos montes veciñais.

SOLICITUDES DE ALTA EN OVICA 2006

- José Antonio Comesaña Casas (Verea - Ourense)
- Ovino de Fornea S.C. (Trabada - Lugo)
- María Elisa Camino Leiro (O Bolo - Ourense)
- José A. Dacuña Sousa (Lobios - Ourense)
- Rosendo Rodríguez Otero (Esgos - Ourense)
- Consuelo López Olmos (Os Blancos - Ourense)
- Ignacio Lema Pazos (Laxe - A Coruña)
- Ramiro Vázquez Arias (Sarria - Lugo)
- Sergio Garrido López (Bande - Ourense)
- Gonzalo Fernández Puga (Lalín - Pontevedra)
- Fernando Guerra García (Vilariño de Conso-Ourense)
- José M. López Sindín (Portomarín - Lugo)
- Concepción Vidal Ribela (Cartelle - Ourense)
- Francisco González Morgade (Bande - Ourense)
- José Pequeño Formoso (Esgos - Ourense)
- Fe Miragaia Buján (Cabanas - A Coruña)
- M^a del Carmen Brandín Sotelo (Sarreaus - Ourense)

COVIGA.

Nova páxina web.

COVIGA pon en marcha a súa propia páxina web. Sen dúbida esta será unha potente ferramenta de traballo e de promoción.


A nova páxina web será un escaparate, para potenciais clientes, aberto en todo o mundo, durante as 24 horas. A través desta páxina web iniciárase unha experiencia de venda directa a través do correo electrónico dirixido a dúas grandes cidades galegas.



COVIGA
caprino e ovino galego



Nave realizada con estrutura metálica, recuberta por colchón de lana de vidro colocada entre lonas de PVC (600gr/m²).



RAZAS: Merino Australiano.



Orixe: Australia, a partir de cruces entre 3 razas: Merino español, Merino Australiano e Rambouillet.

Características: Raza productora de la fina. Hai 3 variedades dependendo do tamaño e calidade do vellón que producen. Mala productora de carne.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese rebaño de ovino-cabrún Comunidade de Montes de San Mamede de Carnota (bo prezo). 665 896 498.
- Véndense dereitos de ovino-cabrún. 669 84 14 22.
- Véndese rebaño de 450 ovellas con 378 dereitos e 121 dtos RPU, partos programados para maio. 669 841 422.
- Véndense machos Berrinchón e Romanov – Portomarín – Lugo 982 15 78 16 / 676 030 978.
- Véndense 20 cabras con ou sen dereitos 982 54 52 45.
- Véndense 5 años (todos machos) con certificado de ovella galega. Luís (Riotorto) 676 437 614.
- Traspasase explotación de caprino 130 cabezas, terras e dereitos 616 86 02 97.
- Véndense 19 años de reposición e 1 macho Berrinchón (año) – A Estrada 656 985 949.

FORMACIÓN.

Curso Ribadeo.

O centro de formación Agraria “Pedro Murias” organizará en colaboración con OVICA e por segundo ano consecutivo un curso especializado na produción de gando ovino e cabrún. Información no tfno. 982 13 10 17.

Curso de gandeiro ovino-cabrún en Allariz.

Neste ano 2006 OVICA e a Fundación Ramón González Ferreiro organizan un curso de 250 horas. Está destinado á formación integral de futuros gandeiros de ovino-cabrún. Meses de Xullo e Agosto.

XXIX SEMANA VERDE DE SILLEDA.

OVICA participa un ano máis na feira de Silleda.

A feira terá lugar entre o 14 e o 18 de Xuño, coas seguintes actividades:

- **Stand de OVICA** no pavillón de Gandería.
- **Exposición de animais** coa presenza de 11 razas de ovino – cabrún.
- **Demostración de rapa de ovellas** Domingo 18 de Xuño 13:30h.
- **III Xornada Técnica** “ADSG de ovino – cabrún. A Identificación do gando ovino cabrún “. Xoves día 15.
 - 10:00 Inauguración.
 - 10:30 As ADSG de ovino e cabrun en Galicia. Importancia dos programas sanitarios.
 - 11:30 Experiencia práctica en ovino e caprino de leite.
 - 12:30 Descanso.
 - 13:00 A identificación individual en ovino e cabrún en Galicia: aspectos básicos e posta en práctica.
 - 14:00 Clausura da Xornada.

CONTAMOS COA VOSA ASISTENCIAiiii
HAI ENTRADAS PARA A FEIRA A DISPOSICIÓN DOS SOCIOS/AS DE OVICA. Contacta co local de Lugo.

ATAQUES DE FAUNA POR CÓRVIDOS

Batida de caza.

O TECOR “Terra Cha” e OVICA solicitaron permiso a Medio Ambiente para facer batidas nas inmediacións de unha explotación de ovino en A Pastoriza - Lugo.



Autorizáronse as batidas para tratar de evitar as perdas económicas que os córvidos estaban a producir na explotación.

CAMPAÑA DA RAPA

Gran presenza nos medios de comunicación.

A cuadrilla de rapadores de OVICA espertou durante o mes de abril grande interese entre os medios de comunicación. Tanto a prensa escrita como distintas cadeas de televisión adicaron numerosas reportaxes ó traballo dos nosos rapadores.



SANCIÓNS

Un veciño de Foz (Lugo) sancionado con 60.001€.

O feito de non someter as ovellas ás probas de saneamento, non identificalas e abandonar o cadáver de unha delas pódelle custar a un veciño de Foz – Lugo a cantidade de 60.001 € de multa, esta é a sanción proposta pola consellería do medio rural no DOGA do 10 de maio de 2006.

O veciño de San Acislo ten un prazo de 15 días para formular alegacións. En caso contrario seralle aplicada esta sanción por cometer infracción moi grave que vulnera as leis de epizootias de sanidade animal e o decreto sobre rexistro de gando.